

A Semana Europea para a Redución de Residuos, European Week for Waste Reduction.

A Semana Europea para a Redución dos Residuos (do 20 a 28 de novembro de 2021) é a maior campaña para concienciar sobre a prevención de residuos en Europa. Impulsada polas entidades públicas locais e rexionais, reúne a todo tipo de participantes (cidadanía, escolas, empresas, ONGs, asociacións) que organizan actividades para sensibilizar sobre a redución de residuos.

O Green Campus da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, en colaboración coa Oficina de Medioambiente, desenvolve unha serie de actividades con motivo do EWWR 2021.

- **Caracterización de residuos nos centros.** O día 30 de novembro de 2021 vaise Organizar a recollida e se estuda a composición das distintas fraccións in situ e vaise analizar a calidade da separación en orixe, rexistrando o estado respecto a cursos anteriores. Para colaborar no voluntariado ambiental da UDC, contacta con oma2@udc.gal ou no instagram de Green Campus da Facultade de Ciencias de Educación [@green_campus_cce](https://www.instagram.com/green_campus_cce).
- **Xornadas informativas nas aulas.** O día 23 de novembro de 2021 vaise realizar charlas dirixidas ao alumnado de primeiro curso, co obxectivo de sensibilizar e resolver dúbidas sobre a recollida separada de residuos, focalizándose no modelo Nostián que atinxe á cidade da Coruña. O profesorado interesado pode concretar en oma2@udc.gal para concertar visita a súa aula.
- **Cálculo da pegada ecolóxica por xeración de residuos.** Está dispoñible unha aplicación desenvolta pola OMA e Emapic da UDC, para comprobar como os hábitos de consumo afectan ao medio ambiente. A aplicación permite obter un informe sobre os kg de dióxido de carbono asociados á nosa produción de residuos. A comunidade universitaria pode participar na seguinte ligazón: <https://emapic.es/custom/residuos-udc>
- **Proxecto "O sanguento impacto dos produtos menstruais dun só uso",** incluído no Laboratorio cidadá "ROMPENDO REGLAS LAB: Por unha menstruación digna e ecosaudable na Universidade", formado por un total de 8 proxectos da UDC. Baixo o nome de "**Semana Menstruo-Ambiental na UDC**", as accións concentraranse na EWWR, entre elas: a exposición na Facultade de Ciencias da Educación no andar 0 dos produtos dun só uso e voluntariado na praia de Bens con data do 27 de novembro de 2021 ás 11:00 en horario de mañá. Para formar parte do voluntariado, contacta coa OMA a través do email: oma2@udc.gal ou a través do instagram [@green_campus_cce](https://www.instagram.com/green_campus_cce).
- **Colocación de carteis** lembrando a importancia do aforro enerxético, en concreto, do apagado das luces na Facultade de Ciencias de Educación. Todos os carteis inclúen un código QR con acceso ao decálogo dos eco-compromisos da facultade.